Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✿ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Lume

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Lendario do Castro de Pedrouzos

Deste castro melidao (Melide, A Coruña) situado na aba sur da Serra do Bocelo, a unha altitude destacada (en torno ós 620 metros) encravado nun interfluvio entre os regos Albariño e Pedrouzos, recóllense diversos contos no "Terra de Melide", do Seminario de Estudios Galegos de 1933.

Florentino L. Cuevillas narra o seguinte:

"*Din que no Castro de Pedrouzos hai tres minas ou vigas; unha de ouro, outra de prata e outra de alquitrán. Como non se sabe cal é esta e tocarlle non se pode, pois todo canto hai no arredor queimaríase, non se anda en busca das outras dúas*".

"*Neste castro había tamén un señor encantado, e dunha vez pasou por alí unha muller que daba peito. O encanto a quen ninguén vía, chamouna para que dera de mamar a un neniño que el tiña e levouna por unha mina moi longa ata unha casa bonitísima. Despois que lle deu de mamar trouxo o señor unha untura e mandoulle á muller que metera nela os dedos e logo que lle untara os ollos ó neno. Fíxoo así, mais ela case sen se dar conta pasou os dedos por un ollo seu e dende entón vía por el coma os encantos*.

O outro día era 27 e foi a muller á feira das Cruces de Sobrado e polo ollo que untara viu ó señor do Castro

que ninguén máis vía. En vez de calar e de non facer caso, chamouno aínda que el non lle falaba.

... Outro día a muller foi ó Castro e díxolle o señor: ¿Con que ollo me viches na feira? E ela mostroulle con cal fora e tiroullo naquel intre".

"*Tamén din que saía unha señora a estender ó sol trigo e outros graos".*

"*Un vello atopou na croa do castro tixolas, picarañas e outras marranadas que alí deixaron os negros*". (segundo informacións de Xosé Mato, de Pedrouzos, transmitidas ós membros do Seminario de Estudios Galegos). Tamén nese senso reflexiona Cuevillas que "*cecáis debemos entender tamén coma mouros ós negros do Castro de Pedrouzos. Sabido é o equívoco das verbas negro e mouro da nosa lingua, o cal fixo sospeitar a Murguía que os mouros castrexos eran chamados mouros por seren concibidos pola xente coma negros*", e tamén diserta Cuevillas que Manuel Murguía debía estar errado xa que "*non cremos que se poida soster hoxe o pensar do noso grande historiador, que tiña ós mouros da lenda coma primitivos deuses ou xenios."*

Reflexionando Cuevillas sobre a virtude da clarividencia considera que "*o neniño do Castro de Pedrouzos á quen vai dar de mamar unha muller, úntanlle os ollos cunha untura para que vexa coma os encantos, para que vexa o invisible, as cousas ocultas. Esa untura dálle a clarividencia, como o unto das bruxas dálles o poder de desprazamento, de viaxar voando polo ar".* Así mesmo fai ver Florentino Cuevillas que "*tamén no Castro de Pedrouzos, é castigada a imprudencia da muller que revela ó señor do Castro o don que posúe. Mais eiquí hai outra observación que facer: o coidado dos seres encantados en manter oculto o seu mundo, en mantelo invisible para os mortais."*

No capítulo "Folklore de Melide", Vicente Risco e Amador Rodríguez tamén relatan outro episodio acontecido nun lugar próximo ó Castro de Pedrouzos, en concreto na "Pena do Congro".

"*Á caída do coto do Pilar, no Bocelo, hai unha pena cabaleira que chaman a do Congro. Contan que sobor dela houbo unha figura dun home que apuntaba cunha carabina cara un lugar indeterminado. Tiña ademais un letreiro que dicía:*

"*Onde apunta o mouro, alí está o tesouro".*

"Todos eran a mirar cal sería o lugar afortunado, mais ninguén podía dar con el. Máis unha vez un home de Pedrouzos, canso xa de trabucamentos e fracasos arreoulle á figura dous paus tan fortes que a estrangallou; máis en troques daquel feito, atopou no medio dela o tesouro tan arelado". – (Relatado por Andrés Sánchez de Pedrouzos).

[Texto remitido por Xurxo Broz e Cristina Vázquez, de Melide (A Coruña). Xullo de 2019]

BIBLIOGRAFÍA

Terra de Melide. Cap: Folclore de Melide. De Vicente Risco e Amador Rodríguez. Seminario de Estudios galegos, ano 1933.